XIX Certame Literario

Concello de Paradela

Premios poesía e narrativa

Manuel-Oreste Rodríguez-López

A fortaleza e vitalidade do certame que se celebra na honra do noso poeta Manuel Rodríguez López, acredita neste ano un labor encomiable.

Desde a exposición itinerante: **Manuel Rodríguez López, emigrante galego, poeta-obreiro**, promovida por Galicia-Dixital e sendo comisario da mesma o profesor D. Santiago Rodríguez, fillo do noso exemplar mestre. Si o proxecto foi acertado, a súa praxe así o acredita. Desde agosto do ano pasado coa inauguración en Paradela iníciánse as visitas por diversos pobos e cidades de Galicia.

Estando presentes en Lugo, no Museo Provincial no outono pasado, coincidindo coas festas de San Froilán e acudindo á súa inauguración o Secretario Xeral de Política Lingüística, D. Valentín García e destacando a presenza de D. Mario Outeiro, Delegado de Cultura da Deputación Provincial, con gran afluencia de persoas ao acto.

No Nadal acudimos a Begonte, expoñendo na Casa da Cultura e participando logo da posta en marcha do Belén Electrónico, dous fermosos actos, ademais das lembranzas para o noso poeta que acadou en varias ocasións galardóns do concurso poético de Begonte.

En marzo, tivemos a presentación en Sarria, na Casa de Cultura, sendo recibida polo Sr. Concelleiro de Cultura, Francisco J. Pérez, que destacou os vínculos de Manuel con Sarria e co concurso literario de Meigas e Trasgos, no que conquistou os seguintes premios: no ano 1976 polo poema "Ti es Eterno" levou o primeiro premio e no ano 1977 en prosa recibe o segundo premio por " Meiguiñameiga e Os Trasgos" e en 1983 acada o segundo premio polo conto "Quen me dera atoparme co trasno".

En Portomarín, con acerto do Sr.Alcalde a exposición fíxose na Casa do Concello, por estar na praza xunto coa Igrexa de San Nicolás que durante todo ano está abarrotada de peregrinos, o que deu lugar

a que milleiros de persoas tivesen acceso á exposición e foron moitos os que levaron reportaxes fotográficos da mesma.

En abril estivo en Santiago de Compostela, teño para min que foi un dos actos máis entrañables para o noso poeta e que a ben seguro participou cheo de ledicia no mesmo, desde a súa estadía. No Museo do Pobo Galego tivo lugar esta presentación, coa presenza do Secretario Xeral de Cultura, D. Anxo Lourenzo e do Sr. Presidente da Real Academia Galega, D. Xesús Alonso Montero, entre outros moitos persoeiros. Si, alí estaba Manolo, a carón do Panteón de Galegos Ilustres, "que felicidade Manolo, chegando xunto aos máis importantes persoeiros da cultura galega: Rosalía e Castelao". Todas as intervencións foron de respecto pola persoa e a obra de Manuel Rodríguez, destacaría a do Sr. Presidente da Real Academia Galega, que coa súa palabra alumeou un novo proxecto para a obra de Manolo propoñendo a edición dunha breve antoloxía poética do autor, para que o gran público puidese ter a posibilidade dunha primeira aproximación a súa obra.

En Vilalba, na Casa de Cultura, en agosto e como prólogo das festas do San Ramón, fomos acollidos polo Sr. Alcalde, D. Gerardo Criado e polo Sr. Concelleiro de Cultura, facéndose a presentación no Salón de Actos e nesta ocasión, coa presenza do comisario da exposición, o profesor e investigador en Bristol, D. Santiago Rodríguez, fillo do autor. Despois dos discursos ao respecto, contamos con dúas actuacións musicais: D. Alfredo González Vilela, cantautor galego de Becerreá e veciño de Cataluña, que interpretou varias obras do autor de Paradela e Carlos Rodríguez Otero, neto do Poeta, ofreceunos un par de obras acreditando que cos seus quince anos xa é un mestre do violín.

16-09-2014, nesta data achégase a exposición á Biblioteca Nodal Miguel González Garcés. Contando coa asistencia do Secretario Xeral de Cultura, D. Anxo Lourenzo e do Sr. Presidente da R.A.G, Don

Xesús Alonso Montero, así como co responsable da Consellería de Cultura na Coruña, Don Indalecio Cabana Leira e como anfitrioa, Dona Mª del Mar Lauroba Sánchez, directora da Biblioteca, que nos sorprendeu cunha exposición de libros do noso autor e con outros que facían referencia ao mesmo, ademais de mostrarnos as extraordinarias instalacións do centro. Neste acto tivemos dúas agradables sorpresas, a primeira foi que Galicia-Dixital fixo realidade a proposta do profesor Alonso Montero "ao facer una breve antoloxía poética do autor", que ten a grandeza de ter sido elaborada colaborando o seu propoñente e o fillo do autor, D. Santiago Rodríguez e que foi presentada neste acto. A segunda sorpresa foi a actuación do gaiteiro Raúl Galego, ao principio e ao final do acto.

11-10-2014, nesta data eu diría que "obrouse a milagre" e Manuel Rodríguez López retorna a Cataluña, a súa terra de adopción que tanto quere. A chegada da exposición esperta as lembranzas da Xunta Directiva do Centro Galego de Barcelona, dándose de conta da importancia que tivo a vida e obra de Manolo nesa comunidade de Galegos en Catalunya, sendo cronista dos galegos en Cataluña e do Centro Galego, ademais de ter sido secretario do Centro. A Xunta Directiva, co seu Presidente D. Manoel Carrete celebran unha sesión na que acordan o nomeamento de Manuel O. Rodríguez López como **socio de honra a título póstumo**. Coido que con este acto rematouse cunha inxustiza que xa duraba moitos anos, case que vinte e cinco. Parabéns a esta nova Xunta Directiva. Nós congratulámonos de contar con este apoio á figura do noso Mestre, que vén a reforzar os cementos desta pirámide eterna, que nace con Manolo e segue edificándose con todos os que se achegan á súa obra.

Cónstanos que a exposición segue percorrendo os centros galegos de Cataluña e desexamos que sirva para desenvolver outra das preocupacións do Poeta: ***"que as novas xeracións de galegos, sigan afincadas á Matria Galega"***. Que se obre o milagre e así sexa.

Si esta cronoloxía serve para ver o traballo que se está a realizar a prol ***"do mellor POETA OBREIRO do século XX"***, non é menos certo que a vida do certame transcorre polos camiños do bo facer, sendo moi positiva a evolución do mesmo, sirvan como exemplo, que no ano 2012 presentáronse 958 obras ao concurso. E este ano foron 757, sendo estas de gran calidade, desexarían os membros do xurado poder dar doce premios ao existir temas de fervente actualidade así como a dureza dos mesmos, sendo a edición na que a valoración dos traballos en narrativa foi mais difícil, pola súa calidade. Tanto en poesía como en narrativa, concedéronse todos os galardóns previstos nas bases: primeiros premios, os dous accésits e mencións de honra.

Destacar que unha vez máis os traballos gañadores proceden de España na súa maioría: Asturias, Terrasa (Barcelona), Santiago de Compostela, El Puerto de Santa María de Cádiz, O Caurel (Lugo), Tucuman (Arxentina), Son Ferriol (Mallorca), Vigo (Pontevedra) e Miami (USA). Unha vez máis acreditase que o referente cultural MANUEL RODRÍGUEZ LÓPEZ, EMIGRANTE GALEGO – POETA OBREIRO, segue a ser luz e facho da cultura galega no mundo.

José Manuel Mato Díaz

"O meu agradecemento á Xunta Directiva do Centro Galego de Barcelona". Así iniciaba don Manuel Rodríguez López a súa obra *Galegos en Catalunya 1978-1982* e eu non podo iniciar estas liñas sen agradecerlle a don Manuel Rodríguez López a súa dedicación ao Centro Galego de Barcelona e, por extensión, a toda a colectividade galega de Cataluña.

Don Xesús Mato, don Xesús Alonso Montero, don Xosé Manuel Carballo, don Xulio Xiz, don Dario Xoán Cabana, dona Iolanda Díaz Gallego, don Xosé Manuel Mato... son algunhas das persoas que coñeceron e describen moi ben a don Manuel Rodríguez López; eu non tiven a sorte de coñecelo persoalmente, pero na súa obra histórica e literaria reflíctese esa auréola de bondade descrita por aqueles que me antecederon nesta misión de prologar esta compilación literaria na súa décimonovena edición.

"Grazas, grazas, moitas grazas só cun agradecemento amplo". Así iniciei o discurso o día que o Concello de Quiroga me concedeu a Medalla de Ouro do consistorio; na miña mente ese agradecemento diríxese **sempre** á valentía de todas as persoas emigrantes que un día tiveron que deixar a súa casa, a súa parroquia, o seu concello, a súa comarca, a súa provincia, en definitiva, o seu país. Nese agradecemento sempre incardino a figura de don Manuel Rodríguez López, xa que non concibiría a colectividade galega de Cataluña sen as súas crónicas daquel presente que relatou para a prensa e que deron lugar a *Galegos en Catalunya I-II*. O presente de don Manuel Rodríguez López converteuse na base da historia dunha colectividade, como o definiu don Manuel Casado Nieto: "a pequena historia dun grupo humano que tivo nos seus momentos, ao compás do seu acontecer, un eco periodístico gardará de agora en diante unha certa unidade, e máis duradeira, nos andeis das bibliotecas". Citando novamente a Casado Nieto en referencia a don Manuel Rodríguez: "e preséntanos diante das novas xeracións coma homes que souberon ser fieis á

Terra en calquera circunstancia, a calquera hora", fermosas verbas que reafirmo que, sen o esforzo persoal e familiar dun galeguista do talante de don Manuel, non conseguiriamos.

O socio número 220 do Centro Galego de Barcelona foi colaborador incesante da revista Alborada (revista que se funda en 1948 e que existe a día de hoxe cunha periodicidade), da revista *Treboada* (revista do Centro Galego de Barcelona, a súa duración foi efémera), do *Boletín do Centro Galego de Barcelona*; foi autor dos dous libros publicados de galegos en Cataluña polo Centro Galego, así como de multitude de artigos referentes á mesma entidade. Por todo o enumerado con anterioridade, o Centro Galego acordou o seguinte:

> O Centro Galego de Barcelona nomea socio de honor a don Manuel Rodríguez López, segundo o acordo unánime da Xunta Directiva na sesión do día 10 de outubro de 2014.
>
> Para que así conste, asina o presidente:
>
> Manoel Carrete Rivera
>
> Barcelona, 10 de outubro do 2014

Este nomeamento de socio de honor é unha das débedas históricas que tivo a entidade que eu presido coa figura de don Manuel Rodríguez López, xa que súa traxectoria é exemplo de traballo a prol dos demais.

Na miña vertente de historiador, considero os relatos do cronista oficial do Centro Galego de Barcelona como a base histórica de estudos posteriores sobre a diáspora galega no territorio español, saíndo xa incluso da colonia galega en Cataluña. Na miña tese de doutoramento hai moitos referencias ás obras do veciño de Paradela, xa que fala sempre en primeira persoa do acontecido, dando lugar a que os historiadores formulen teses sobre o que acaeceu con anterioridade.

Manolo, que así é como o chaman os amigos e a familia, vaise achegando cada vez máis cando leo a súa obra literaria onde fala da emigración, de Galicia, da lingua, da Terra, do sentimento... Manolo marcha de San Miguel de Paradela de neno e na súa retina sempre estará esa terra que un día tivo que deixar por outra que non coñecía, pero á cal tamén quixo como se fose a materna.

Poemas como o seguinte enchen de bágoas os ollos de moitos emigrantes:

PRA DARLLE A DESPEDIDA,
unha fresca mañá,
encamiñeime, soio,
á Croa do Toural.

Enriba dun penedo
senteime, a cavilar,
ollando longas veigas,
montañas, ríos, vals.
Dende alí mirei pobos:
San Miguel e Suar,
Francos e Millerado,
Retorta e Cereixal.

Nesa enumeración non tan só vemos Paradela, senón que podería trocar os nomes propios por outros e ser a nosa vila ou a nosa parroquia; como din moitos socios do Centro Galego: "somos de Santa María de todo o mundo". Vemos o Courel de Os Eidos de Novoneira, ou Castro Caldelas do *Libro de Caldelas* de Casado Martínez, ou a Terra Chá de *Sobre ruínas* de Rábade Paredes, ou outros tantos; pero tan só en Paradela coincide un emigrante, un obreiro, un membro destacado da colonia emigrante, un poeta, un reporteiro, un autor, un pai, un esposo que desborde de sentimento na análise poética daquela terra que o viu nacer e que el tan ben describe cun sentimento innovador que dá lugar a que o celme da alma

dun emigrante rache de dor ao verse identificado nesa poesía do poeta obreiro galego de Barcelona.

Resumindo en greguerías, ou agora coa modernidade das novas tecnoloxías en tweets, sinalamos: "ós nosos que inda fican nas aldeas", "ós meus pais que sempre me falaron na fala galega", "Onte chegaches pra pedir traballo/á gran cidade; que deixaches, dona,/os cativiños e o marido lonxe/nunha casoupa". Facendo novamente uso dun anglicismo que a modernidade nos achega, podemos definir como os hashtags na obra de don Manuel as verbas: #galicia #Terra #emigrante #obreiro #fala #familia #Centrogalego #Paradela #Fole... alí atoparemos a @manuelrodríguezlopez como referencia.

Un sentimento de orgullo de pertenza a Galicia en Cataluña e de Cataluña en Galicia que dá lugar a que persoas como don Manuel rezumen polos seus poros **amor** ao país que absorbe toda a comunidade que o envolve. Podía alongarme moito para resaltar calidades de don Manuel, pero só me sae un **grazas por ser como fuches, grazas por ter a familia que tes e grazas a Paradela por compartir connosco o seu fillo predilecto**.

Manoel Carrete Rivera

O Proxecto

Xa hai case tres anos que GaliciaDigital puxo en marcha unha campaña de difusión da vida e obra de Manuel Rodríguez López, para dar a coñecer axeitadamente o traballo deste autor, a súa ampla obra literaria, o amor pola súa terra, e o vencello por el establecido entre a súa terra natal de Paradela (e, en xeral, Galicia) cos galegos emigrantes en Cataluña.

A primeira acción da campaña consistiu na creación do portal web www.manuelrodriguezlopez.org, unha das máis completas webs que teña un escritor galego, que recolle a súa obra completa e a información máis salientable da súa existencia, en catro idiomas: castelán, galego, inglés e catalán.

Veu despois a Exposición Itinerante sobre a vida e obra de Manuel Rodríguez, formada por 16 paneis informativos (pode ser vista integramente na web). Esta exposición púxose en marcha en Paradela, en agosto de 2013, para ir despois a Lugo (coincidindo co San Froilán) e Begonte (Nadal). Xa en 2014, continuamos en Sarria, Portomarín, Santiago de Compostela (Museo de Pobo Galego), Vilalba e A Coruña (Biblioteca Nodal). Xunta coa Exposición, a Oficina Itinerante que a acompaña para difundir os seus contidos.

O ano 2014 foi o de maior expansión e consolidación definitiva do proxecto Manuel Rodríguez López.

Manuel Rodríguez López

Por Antonio Giz

Por unha banda, porque a Exposición Itinerante chegou ó Centro Galego de Barcelona, cumprindo cunha débeda que tiñamos clara desde o nacemento do proxecto.

Por outra banda, porque viron a luz dúas publicacións fundamentais na estrutura xeral do proxecto. Un Folleto Informativo que recolle integramente os contidos da exposición, e unha Antoloxía Poética, realizada por Xesús Alonso Montero e Santiago Rodríguez.





Compre lembrar sempre que este proxecto sería imposible de levar a cabo sen a colaboración da Familia de Manuel Rodríguez López, e a impulsión do Concello de Paradela e os apoios do Concello de Lugo, Deputación Provincial de Lugo (Vicepresidencia Primeira), Real Academia Galega, e da Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística e da Secretaría Xeral de Cultura.

O noso especial agradecemento vai para Xesús Mato, Xosé Manuel Mato, Xesús Alonso Montero e Valentín García, por todo o que fixeron polo proxecto Manuel Rodríguez López.

Antonio Giz
Director de GaliciaDigital

PRIMEIRA: Participantes.
Poderán concorrer anualmente ao Certame Literario Manuel-Oreste Rodríguez López, todos os autores que o desexen, calquera que sexa a súa nacionalidade, admitíndose una soa obra por categoría e autor.

SEGUNDA: Requisitos das obras.
Os relatos terán unha extensión máxima de vinte folios, sen mínimo. As obras de poesía terán unha extensión máxima de 100 versos.
En ambos casos, mecanografiadas (ou a ordenador) e a dobre espazo.
Deberán ser orixinais, inéditos, non premiados en calquera outro tipo de concurso e estar escritos en galego ou en castelán, debendo estar rematadas con carácter previo á convocatoria.

TERCEIRA: Presentación das obras.
O prazo de entrega dos relatos e da obra poética rematará o trinta de novembro de dous mil trece. As obras enviaranse por sextuplicado exemplar, sen sinatura e cun lema, ao seguinte enderezo:

CONCELLO DE PARADELA
Certame Literario
(Modalidade Poesía / Narrativa)
Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15
27611 Paradela (Lugo)

En sobre aparte e pechado, constará o lema que distinga o traballo, e no interior o nome e apelidos do autor/a, domicilio, teléfono, poboación de residencia, declaración formal de que a obra é axustada ás normas contidas na base segunda. Abriranse soamente os sobres dos traballos premiados.
No caso de que as obras se remitan mediante correo electrónico, á conta concello.paradela@eidolocal.es, deberán enviarse no mesmo correo electrónico, dous arquivos en formato PDF, un co contido da obra e outro onde constará o lema que distinga o traballo, no que conterá, no seu interior, o nome e apelidos do autor/a, domicilio, teléfono, poboación de residencia, e declaración formal de que a obra é axustada ás normas contidas na base segunda.
Os arquivos PDF referenciaranse do seguinte xeito:

- Datos persoais.
- Título da obra.

Este segundo arquivo será custodiado pola Secretaría do Concello, entregando unicamente ao Xurado a obra e o lema da mesma.

No caso de participación en ambos apartados; deberase concursar en cada modalidade por separado, utilizando un lema propio en cada caso e presentando a obra por separado.
Conforme ao disposto na Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de forma confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello de Paradela relacionados con este trámite, coa finalidade de utilizalos para as xestións municipais derivadas dos procedementos e consultas que inicia o interesado con esta solicitude. En calqueira momento poderá exercitar os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello.

CUARTA: Premios.
Establécese un Premio de seiscentos euros (600,00) para a obra que resulte seleccionada polo Xurado dentro do apartado de poesía e outro de seiscentos euros (600,00) para a obra que resulte seleccionada polo Xurado dentro do apartado de narrativa.
O xurado reservase a facultade de conceder dous accesits (carentes de dotación económica), en cada categoría, asemade poderá conceder tres mencions de honra como máximo (carentes de dotación económica) en cada categoría.
O autor ou autores premiados convocaranse ao acto de entrega de premios, o día que estableza o xurado.

QUINTA: Fallo do Xurado.
O Xurado designado polo Concello de Paradela emitirá o seu fallo no mes de maio de 2014 e farase público polos medios de comunicación e na paxina do web do concello; comunicándose persoalmente aos gañadores.
O Xurado pode deixar deserto o premio nun ou nos dous apartados; e a súa decisión será inapelable.

SEXTA: Dereitos sobre as obras presentadas.
O Concello de Paradela resérvase, en exclusiva, o dereito de edición das obras premiadas e accesits durante o prazo máximo de doce meses, contados dende o momento do fallo.
As obras non premiadas, así como as súas correspondentes plicas, non serán devoltas, sendo destruídas despois da proclamación de gañadores do certame literario Manuel Oreste Rodríguez López - 2014.

SÉTIMA: Prerrogativas.
A resolución de todas as cuestións que poidan xurdir ou formularse nesta convocatoria son de exclusiva competencia do Concello de Paradela e do Xurado.

Reunidos no Salón de Sesións do Excmo. Concello de Paradela, sendo as doce horas e trinta minutos do día vinte e oito de maio de dous mil catorce, o xurado formado polos Señores D. José Manuel Mato Díaz, Alcalde do Concello de Paradela como Presidente; D. José Jesús Ramos Ledo (Xefe Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria); D. Santiago Rodríguez López (Fillo do homenaxeado); D. Xesús Mato Mato (Crego e musicólogo); D. Xulio Xiz Ramil (escritor e xornalista); e D. Xavier Rodríguez Barrio (poeta) como vogais; e D. José López González, Secretario do Concello de Paradela, que da fe do acto.

Constituido o xurado en forma e coa ausencia de D. Xavier Rodríguez Barrio e D. Santiago Rodríguez López, procedeuse a efectuar unha valoración da evolución experimentada polo Certame Literario dende a súa creación, cumprindo a súa XIX Edición.

Nesta edición presentáronse setecentas cincuenta e sete obras (757), das cales trescentas vinte e unha (321) corresponden á categoría de poesía e catrocentas trinta e seis (436) á de narrativa. Seis obras foron retiradas a instancia dos autores, tres por ser premiadas noutros certames e dúas por ser obxecto de publicación.

Resaltar o feito de que só sesenta e unha (61) obras foron remitidas a través de correo postal, polo que as restantes seiscentas noventa e seis (696) foron presentadas a través de medios telemáticos, o que se traduce na consagración da adaptación do Certame cos tempos que corren e o esforzo do Concello en facilitar aos autores os medios de presentación das súas creacións; así coma o traballo de organización para asegurar que todas as obras presentadas chegaran ás mans dos membros do xurado.

Asemade os membros do Xurado destacan a enorme calidade no apartado de narrativa, onde desexarían poder dar doce premios, onde tanto os temas de fervente actualidade coma a dureza dos mesmos, sendo a Edición na que valorar os traballo de narrativa foi máis duro e difícil pola súa elevadísima calidade.

A continuación o xurado procedeu a calificar as obras presentadas e atopadas conforme as bases no seu día aprobadas.

O xurado por unanimidade dos membros presentes, acorda:

PRIMEIRO.- Outorgar o premio de **POESÍA**, á obra presentada baixo o lema e título ***POR LA TIERRA QUE TÚ PISAS***. Aberto o sobre compróbase que a

obra pertence a **Dona Mirta Chamorro Mielke**, de Otero de Candamo (Asturias).

Asimesmo, o Xurado acorda outorgar dous **Accésit** no apartado de **POESÍA**.

-**Accésit**, á obra co lema ***Corina*** e título **PARA SEGUIR VIVIENDO**. Aberto o sobre compróbase que a obra pertence a **Dona Yolanda Gelices Nieto**, de Terrassa (Barcelona).

Segundo Accésit, á obra presentada baixo o lema e título **SUSPIROS DE VENECIA**, cuxa autora é **Dona Alba Sánchez Ares**, de Santiago de Compostela.

As mencións de Honra recaeron, na obra titulada **A MI PADRE** baixo o lema ***Tacicorte***, cuxo autor é **Don Juan Luis Rincón Ares** de El Puerto de Santa María (Cádiz) e a obra baixo o lema ***A maceira*** e título **ÉGLOGA NO SOUTO** pertencendo a **Don Jesús Alfonso Parada Jato** de O Caurel (Lugo).

SEGUNDO.- Outorgar o premio de **NARRATIVA**, á obra presentada baixo o lema ***Maldonado*** e titulada **EL PAPA, SU SANTIDAD, Y LOS SECRETOS DEL VATICANO.** Aberto o sobre compróbase que a obra pertence a **Don Juan Ángel Cabaleiro**, de Tucamán - Arxentina.

Asemesmo, o Xurado acorda outorgar dous **Accésits no apartado de NARRATIVA**.

- Accésit, á obra presentada baixo o lema Jonas Nightingale, co título "76,50", compróbase que o seu autor é Francisco de Asís Merchán Pérez de Son Ferriol (Mallorca).

- Accésit, á obra presentada baixo o lema Lupa de Francos, co título CHOVE, sendo a súa autora Mercedes Blanco Iglesias de Vigo (Pontevedra).

As dúas mencións de Honra recaeron na obra baixo o lema Nono e título ANIVERSARIO DE LA RAE, cuxo autor é José Ántonio García Villalta de Málaga e a obra baixo o lema e título VRINDABÁN, BOSQUE DE ALBAHACAS, pertencendo a Lourdes Monert de Miami (USA).

E para constancia do tratado, levántase a presente acta por sextuplicado exemplar, que é asinado por todos os membros, en Paradela na data arriba indicada, sendo as trece horas e quince minutos, do que eu, como Secretario dou fe.

Asdo: José López González

Mirta Chamorro Mielke

Mirta Chamorro Mielke nace en La Rioja, en diciembre de 1953. Estudia Bellas Artes en la prestigiosa Escuela Massana de Barcelona. Posteriormente, en Madrid, desarrolla su carrera como pintora y diseñadora, junto a su afición literaria. Colabora en la edicción de la Revista Peliart, Guía de Concursos Literarios, durante cinco años, y en otras revistas literarias, siendo además requerida como jurado en certámenes literarios y artísticos.

Tras un largo silencio literario se traslada al Principado de Asturias, donde retoma su actividad como escritora.

Ha sido finalista en numerosos concursos literarios de prestigio, entre otros, el Premio Nadal, Sésamo, Castilla-La Mancha y Princesa Galiana, en la especialidad de novela, y Adonais y Carmen Conde en poesía. También en el Concurso de Cartas de Amor y Desamor de la Tertulia Rita Caveda.

Ha obtenido Mención Honorífica en el Certamen poético de Archidona (1985). Premio de Cuentos Hucha de Plata en 1987, Premio de Poesía Rabindranath Tagore en 1991.

Actualmente reside en Asturias y se dedica activamente a la Artesanía y a la creación literaria.

La tierra que tú pisas

Mirta Chamorro Mielke

LA TIERRA QUE TÚ PISAS

La tierra que tú pisas
cuenta los pasos del silencio,
para oírte amanecer, constante espera
bajo ritmos de estrellas o de aurora
y te barrunta
desde los cerros más altos
a la pleamar más fría.

La tierra que tú pisas te escucha llegar
con entusiasmo,
avista el sonido del viento entre tu pelo
y respira,
ya está aquí.

La tierra que tú pisas es hija del sol
y te adopta como hermano;
te arropa en la primera luz
que desayuna, besa tus pies
cuando recorres los llanos,
y recorta la leña que tú esperas,
y suprime el barro con un soplo,
y resiste el temor cuando retrasas.

La tierra que tú pisas abona la sorpresa
de las fresas
al madurar de repente si te encuentran,
si buscas la acidez de las camelias
o recortas las setas de los fresnos.

La tierra que tú pisas es sutil y sabe hablarte,
te sonríe cuando llegas tan deprisa,
y solloza a las huellas de tu marcha.
Es veraz y te responde siempre alerta,
sin dar importancia a las tormentas,
sin dejar de reír al sol de enero.

La tierra que tú pisas es de arcilla,
pero puede ser blanca si lo pides,
puede tornarse roca, si precisas,
o fundirse en metales
si es oro lo que buscas.

La tierra que tú pisas corre perfecta
a tu llamada, se engalana
desde todos los colores del verano,
te arrulla sin cesar si ve tristeza
y brinca de júbilo
si hoy es fiesta.

La tierra que tú pisas te ama aunque tropieces,
intenta no juzgar tu borrachera,
enciende las hogueras de la noche
y te guía en el norte equivocado.

La tierra que tú pisas
sabe trepar hasta tus labios y calmarlos,
sabe esgrimir la voz airada,
esquivar la mirada enrojecida,
y no encuentra el azul para olvidarte.

Yo soy como esa tierra que tú pisas,
cumplo los moldes que esbozaste,
y sin embargo,
sigo siendo pisada cada día.

Fin

Mirta Chamorro Mielke

Yolanda Gelices Nieto

Yolanda Gelices nació en Terrassa (Barcelona) en 1966. Es licenciada en Filología Hispánica por la UAB. Hace 20 años que ejerce como profesora de lengua y literatura castellana de educación secundaria.En el año 2008 publicó su primer poemario " El corazón en la lengua" premiado en el certamen J.M. Valverde de poesía convocado por CCOO del Barcelonés y ha sido incluida en la antología " Poemas para un minuto" de la Ed. Hipálage. Asimismo ha colaborado en varias revistas literarias, como " El invisible anillo" o " Fábula". En el año 2010 publica " Con el sol hasta el cuello"poemario con el que obtiene el primer premio de poesía en el certamen Raimundo Ramírez de Antón de la ciutat de Terrassa.

Para seguir viviendo

Yolanda Gelices Nieto

PARA SEGUIR VIVIENDO

Pseudónimo: Corina

Corazón mío,
cíñete a la Belleza que eterniza los días.
Asciende a la alegría al invadir tu boca
con la lucidez caliente de la risa.
Acuérdate de la dulzura
cuyos lamidos fecundos pueden ser inagotables.
Pon en tus labios
el cuerpo fascinante
de la poesía invisible de las cosas.
Entra en la marea en donde habita el deseo,
como cobijo prohibido de las aguas salvajes.
Cubre tu piel, una vez más,
con terciopelos de ternura.
Contágiate de la serenidad de las palpitaciones del bosque
que restauran su paz
en el espacio de libertad donde acaban las fronteras.
Dime qué nombres viven
entre los líquenes benignos de las venas,
qué palabras en blanco hablan de mí,
con labios que todavía responden
al sabor de unos párpados.

Corazón mío,
háblame del amor invencible,
del destino inevitable del enigma,
donde yo existo más.
Donde yo existo.

EN LA HUMEDAD

La humedad de los mares
duerme esta noche en mis párpados,
entra en mis anillos,
profana mis labios con su lenguaje de algas,

con su voz brillante
como escamas de peces.
Me ata a sus aguas con invisibles hilos,
busca mi piel inconfesable
por el acantilado de las estrellas,
nada en el sudor devorador de silencios.

Y abandona de puntillas la estancia
de la mañana siguiente.
Y regresa a su laberinto de sombras
en la melancolía.

SECRETO ROJO

Mi señor,
decidme cuál es su capricho hoy,
cuál es su deseo,
hay islas en mi cuerpo y océanos
y son suyos.

Señor, recuéstese en mis senos
de canela tibia.
Que estalle en mí la cadencia resonante
de melodías selváticas
que fluye desde la nuca al vientre,
que estalle en mí y que avance
hacia la mordedura
de claveles sangrantes en preludio de besos.

Para beber su aliento,
Para teñir de blanco el rocío que se detiene
en mis manos,
para saborear sus frutos en mi boca,
para sentir dentro
su corazón que galopa,
como un beso continuo dando vueltas concéntricas
alrededor de mis labios.

Mi señor, hay islas en mi cuerpo y selvas
y son suyos.
Y siempre dicen sí.

CAPERUCITA ROJA

Y así fue
como ella, Caperucita,

-sin pedir motivos y sin saber por qué-
una mañana de sol mordió al lobo.

No fueron sus colmillos
sino sus palabras,
sino su voz acurrucada en el rojo instante
de la imagen del beso,
la que se hincó
en la carne caliente del tierno licántropo,

Fueron las palabras...

Las palabras que rompían como olas
contra su espalda,
que avanzaban hasta su oído
derritiéndose en su garganta
hasta arder
bajo el sabor de náyades oceánicas
de un corazón
que va cerrando círculos
en la geometría imaginaria del deseo.

Fueron las palabras...

Que quiso sujetar entre sus manos
y escurrir
de todos los silencios
para alojarse en ellas,
para que atravesaran la piel de las ausencias,
para saciar su sed,
preñada de la inmediatez del aroma
que se desnuda
ante la quemadura ciega de las manzanas mordidas.

Fueron las palabras...

Deseó que no acabara nunca
aquel latido fugaz de murmullos temblorosos...
La mañana en que ella, Caperucita,
-saltándose todas las convenciones-
mordió al lobo
con la inquietante ferocidad de sus susurros.
Y él, desbocado en los alientos del fuego,
le ofreció el regalo
de su aullido cómplice.

Alba Sánchez Ares

Santiago de Compostela, 1991.
Estudante de Medicina.

Premios:

- Segundo Accésit Premio Xuvenil de Narrativa da Fundación Valle-Inclán.
- Primeiro Premio III Certame A Nosa Língua. Arzúa
- Accésit XXV Premio Ourense de Contos para a Mocidade 2008.
- Terceiro Premio VI Certame Literario Concello de Ames.
- Primeiro Premio de Poesía VIII Concurso Literario Rita Suárez Amado. IES Eusebio da Guarda.
- Segundo Premio II Certame Relato Curto "Igualando a Lingua". Concello de Cee.
- Segundo Premio III Certame Relato Curto "Igualando a Lingua". Concello de Cee.

Suspiros de Venecia

Alba Sánchez Ares

A alma fuxe do seu corpo,
escala os recordos
ata chegar ao firmamento.
Dende alí mira con recelo
a quen quixo deixar esquecido.

Entorna os ollos e olla as estrelas.
Pensativas iluminan a noite
e bailan nun mar
de naufraxios e mareas.

No máis profundo do seu ser,
atópase, esquecido,
o cofre dos reloxos, rodeado de sereas
garda as máis agres alfaias.

Pensa, pensa, pensa;
onde estabas cando
a túa alma xemelga
chamou a túa porta?
Estabas no teu mundo
de soños e brillantina.

Daría todo o que vivín
por volver a revivilo.
Enterrar no pasado os
pesadelos e esquecer
as pantasmas que vagaban
ao meu carón sería
a utopía dun novo nacemento.

Volver a vivir a ilusión
volver a vivir a paixón.

Aspiracións de cristal
que brillan e desprenden
a ilusión do principiante
ante un suculento manxar
recuberto de morno chocolate
e salpicado dun enerxético
nerviosismo que se mestura
e abraza coa ilusión
de coñecer o descoñecido.

Sinto que pouco a pouco
todo ao meu redor vai medrando,
todo se volve xigantesco
e se afasta de min.

Déixanme soa, de pé, intrigada
polo que pode pasar (ou máis ben
tería que dicir polo que non
sei que pode pasar).

Eu, descalza sobre a herba,
sinto as pingas de frescura
que o orballo deixou para min.

Inmóvil, diminuta, pregúntome
como pintaría de novo a miña vida.

Imaxínome que estou fronte
ao lenzo da miña vida.
Está baleiro, polo de agora,
eu son quen manexa os pinceis
e as cores. Por onde comezar?
Por quen comezar?

Incerteza. Todo son dúbidas.
O único que sei e que sei que dubido.

Aparto os meus cabelos e xúntoos nunha trenza.
O aire trae os últimos suspiros de liberdade.

Suspiros de Venecia

Suspiros que semellan aos dos presos
que ollaban por última vez o ceo e o mar
na ponte dos Suspiros de Venecia.

Sutil suspiro de sorrisos solitarios,
pendurando no celme da dúbida inmortal
asexa a obnubilada mente do ser
que quere ser o que non pode.

Incerteza. Todo son dúbidas.
O único que sei e que sei que dubido.

Alba Sánchez Ares



Juan Luís Rincón Ares

Tengo 56 años. Soy profesor de Educación de Personas Adultas desde hace 30 años en el Centro de Educación Permanente "La Arboleda Perdida" de El Puerto de Santa María.

Escribo con regularidad desde hace 15 años y he tenido la suerte de haber recibido más de 100 premios literarios en diferentes géneros: cuento, relato, teatro, columnas de opinión, etc...

He publicado en más de veinte antologías de relatos y en solitario, los libros "Cardito de Puchero" y "¿De qué de semonios hablan estos hombres? con la Editorial El Boletin. En breve, publicaré "Cuando cambiamos el punto y la coma por el punto.com", segunda entrega de "Cardito de Puchero".

Más información en carditodepuchero.blogspot.com

A mi padre

Juan Luís Rincón Ares

A MI PADRE

Por Juan Luis Rincón Ares.
Pequeño de tamaño, no de grado;
liviano en la balanza, no en la ausencia;
sutil en la figura, no en la ciencia;
tan breve la silueta, no el legado.

Ágil en la palabra y el cuidado;
profundo en la mirada y la experiencia;
honrado de la piel a la conciencia.
Imperfecto, humano, limitado.

No te lloro ni te añoro por perfecto
modelo pues tú mismo me enseñaste
a no ser quién no soy, ser diferente.

Mis lágrimas son sólo un insurrecto
dolor que busca el bálsamo que baste
para sanar un corazón doliente.

Parece que te poses a mi lado
cada vez que en algún lugar me siento
con gesto de poeta en el intento
de volver a mis rimas del pasado

Te imagino leyendo lo creado
y en tus ojos busco el asentimiento,
nervioso como un niño y tan contento
de tenerte por lector y por aliado.

Me gustaba saberte compañero
de camino en la trova y en el reto
de mezclar en un papel lápiz y ánima

Y hoy, desde dónde estés, espero
que la vista te alcance a mi soneto
donde sumo los versos y las lágrimas.

El niño que fui yo no te encontraba
padre cercano en día laborable.
Madrugabas feroz. Yo, confortable,
te despedía entre sueños, te añoraba.

La fábrica, exigente, te robaba
- junto a aquel bodegón tan entrañable
y chapuzas y deberes memorables -
las horas que mi infancia reclamaba.

Por eso tuve envidia de tus nietos
cuando estalló tu amor sexagenario
y fuiste abuelo así a tiempo completo

El torrente de amor con que a diario
cuidabas a tu prole sin asueto,
acabó con mi celo parvulario.

Yo conozco al niño que tú fuiste.
¿Recuerdas? Tú nos lo presentaste.
Desventuras, sinfín, que nos contaste:
De estraperlista a monago, presumiste.

De todo aquel caudal, a veces triste,
me marca aun el hambre que narraste
y el plato de comida que robaste,
famélico, al descuido, en un despiste.

El hambre que la infancia te robaba,
cincelaba tu cuerpo y tu conciencia,
sembrando en ti el hombre venidero.

En tu pecho la luz ya germinaba
pues eras tierra fértil, pura urgencia
de un futuro sin niños “descuideros”.

Permanecer de pie, no derrumbarme,
que el dolor no me gane la partida;
tu memoria, más fuerte que mi herida,
que llore el corazón sin desangrarme.

A mi padre

Llegar a tu estatura y asomarme
con vértigo a la altura de tu vida.
Caminar sin el arnés de tu querida
presencia. No quiero acostumbrarme
a ser huérfano de risas. Tu ausencia
me duele cada día y yo remonto
el dolor remando en tu legado.

De ti aprendí a caer y en tu presencia
a levantarme herido pero pronto,
a vivir de pie, sangrando pero alzado.

No negaste ese miedo tan humano
en la antesala de la última partida,
ni presumiste de certezas en la vida:
fuiste así el más coloso y el más llano.

Pedías, exigías nuestra mano
acompañando la tuya, consumida,
buscando no estar solo en la salida
que escogiste tan lúcido y temprano;

cansado de luchar sin esperanza
contra el aire que insumiso se negaba
a poner en tu rutina dignidad,

nos dejaste tu penúltima ordenanza
que disolvió nuestras dudas y llenaba
de grandeza tu epílogo vital.

Tú mereces el cielo aunque no exista.
Yo te imagino llegando hasta su arcada,
triste aun, en la tierra la mirada,
estrenando piernas, aire, brazos, vista...

En la puerta no hay santo que te asista:
una legión de amigos atacada
por los nervios anhela tu llegada,
se alborota y jalea inconformista.

Jaime, Esteban, Antonio, con orgullo
quieren ser los primeros de la fiesta
pero Tina los contiene al demandarles:

- Primero los del barrio, los más suyos.
Sin prisas, ponle un vino que nos resta
toda una eternidad para abrazarle.

Jesús Alfonso Parada Jato

Jesús Alfonso Parada Jato, natural de Meiraos de Caurel (Lugo).
Cursou estudos de Historia na UNED
Diplomado en Traballo social pola UNED
Experto Universitario en Animación Sociocultural, Ocio e Tempo Libre UNED

LIBROS EDITADOS

- Usos, Costumes e cousas do Courel. Editorial Toxosoutos (divulgación y ensayo) Noia. 2007.
- A Cor das Uces. Editorial Bubela(Poesía) Santiago de Compostela.2008.
- A delgada voz dos marxinados Bubok(poesía)2010.
- Lembranzas d´o Courel. Editorial Toxosoutos (Narrativa y Ensayo) Noia. 2012.
- Tallo de Lansán. Bubok (Poesía) 2013.

PREMIOS

- I Premio en la Categoría Juvenil. Certamen Uxio Novoneyra. Ayuntamiento de Folgoso de Caurel. Lugo. Relato Corto. Año 2002.
- Premio especial al pintor local. Certamen de Pintura rápida al aire libre. Asociación Fonte do Milagro. Años 2004,2006,2007 y 2008.
- III Premio de Poesía en el Certamen Uxio Novoneyra. Ayuntamiento de Folgoso de Caurel (Lugo). Año 2004
- II Premio de Poesía . Ayuntamiento de Quiroga. Año 2009.
- I Premio de Poesía. Ayuntamiento de Quiroga. Año 2010.

Égloga no souto

Jesús Alfonso Parada Jato

ÉGLOGA NO SOUTO
I-Namoreime dunha pomba que voa
entre lusco e fusco no tempo
cando o raposo ouvea
polas valgadas do mundo.

II-Tralas beiras penso no mundo,
un mundo de outonos mortos
con fogueiras e lembranzas
que van rematando no tempo.

I-Quixera escoitar os teus pasos
nas follas secas do souto,
bañarme no outono coma un rei
coroado de pradairos,
deitar teu nome entre roseiras
e chamar por ti na borralla,
que deixen as bravas brétemas
dun solpor de despedida.

II- Esperta Xacobe dun soño
de terras brancas e mouras,
de cinzas que revoan
por riba dos pensamentos.

I-Agardo teu nome nun intre
con verbas de cor renovada,
nun verán de incesantes cores
ó abeiro da existencia.
Agardo na fronteira dos soños
entre matogueiras de cardo,
remexendo con ollos de aguia
no extremo perdido da feira.

Agardo que pasen os anos
coma as pingueiras do outono...
Amor é unha egua aloucada
ao redor das cancelas da porta.
Agardo debaixo da túa fiestra
entre castiñeiros sin folla,
nos días mornos do ano
con pranto adiantado e contido...

II- Entre tebras e salaios
escoito a túa chamada por horas.
Somos naúfragos dun futuro incerto
nun campo de trigo dourado.
Que dicir? Se non son eu...
Quen pode falar arestora?
Como poñer silandeiros os meus ollos
na tea da primavera?

I-Heiche cantar unha copla
que semella que aletea no vento,
para cando ti a escoites
eu poida gabear por ela...
Heiche cuntar un conto
de tantos días do ano,
con arrecendo de pan recén feito
nun forno de pedras vermellas...

II- Teño a ánima mancada
e as mans baleiras por momentos,
teño acios de desexos que en baluto
agardan unha aperta allea.
Teño o corpo feble
coma as follas no outono teimudo,
que non acouga exultante
nunha descalza saia que esvara pola pel.

I- Os erros dos nosos pais
son a nosa herdanza antiga.

Os inimigos dos nosos inimigos
son nosos perigosos amigos...
E o día e maila noite son
xenerosos aliados nosos.
Escoito as doce no souto,
no souto morto no outono,
cando as follas morren a cachos
coma as píntegas nos camiños.
Queres ficar na túa terra,
queres espertar de novo,
durmir só por unha noite
e non durmir para sempre.
Velaquí a outonía
e o día que agardamos.
Ti pola menciña entre tebras,
eu polo que ti ben sabías!

II- Caen as follas aba abaixo,
van caendo todas elas.
Unha fuxiu, outra chega,
outra non atopa o siño.
Entre sombras na noite,
eu tamén agardo polas doce.
Illada estou agora... Abofé!
Coma un defunto durmido!
Quen puidera ser badalada,
que voa sobre as cachoeiras do río,
e non dicir palabras roucas
cando no souto
outras campaíñas se escoitan!
Pasado de auga cansa
que canta na medianoite.
Verbas algareiras que choran
agardando polas doce.

AUTOR: A MACEIRA

El Papa, su santidad

Juan Ángel Cabaleiro

Juan Ángel Cabaleiro nació en la ciudad de Buenos Aires, en 1969, aunque vivió desde su infancia en San Miguel de Tucumán, en donde obtuvo el título de Licenciado en Filosofía. Desde 1999 hasta 2013 estuvo radicado en Madrid; allí cursó un doctorado en Filosofía en la UCM al tiempo que ejerció las más diversas profesiones, como detective privado, formador de fuerzas de seguridad, redactor de diversos y variopintos manuales de estudio, corrector de pruebas, maquetador de libros, editor y profesor de Lengua y Literatura y de Filosofía en Bachillerato. Desarrolló una intensa actividad como escritor, de la que obtuvo una veintena de premios literarios, entre los que se destacan el "Ciudad de Villajoyosa" (Alicante), el "Premio de las Bibliotecas Públicas de Madrid" (Madrid), el "Frida Kahlo" (Rivas Vaciamadrid), el "Premio Arrendajos" (Toledo), el premio "El Laurel" (Barcelona), el "Premio del Colegio de Médicos de Salamanca", el segundo premio de la Fundación Victoria Ocampo - Banco Ciudad (Buenos Aires) y el Premio "Adolfo Bioy Casares" para libros de cuentos, además del que motiva esta edición. Sus cuentos han aparecido en diarios y en numerosas antologías de relato breve. *Cuentos de las dos orillas* es su primer libro de narrativa. Es autor de dos novelas inéditas: *La vida bochornosa del negro Carrizo* (2013) y *Masacre en Lastenia* (2014).

y los Secretos del Vaticano

Juan Ángel Cabaleiro

Anoche volví a soñar con el Papa. Era un domingo a la hora de la siesta y estábamos en el Vaticano. Hacía un calor tremendo (cosa rara en un lugar tan amplio y plagado de mármoles, pero ya se sabe cómo son los sueños, que siempre tienen algo de irrealidad). En el Vaticano, los domingos por la tarde no hay un alma, así que el Papa me recibió con una mezcla de sorpresa y de gratitud. Ahí estábamos: por un momento nos quedamos los dos en silencio, asombrados, mirándonos como aborígenes o marcianos. De repente, como si continuara una conversación ya iniciada, dije con naturalidad:

—Su Santidad ¿usted se queda solo a estas horas?

—Solo no, con Dios —me corrigió al instante, con el índice señalando al techo.

Tenía una voz tanguera y melindrosa, muy porteña, que no casaba bien con la intención de severidad que pretendía insuflarle a sus palabras. Enseguida salió de su perplejidad y comenzó a moverse. Comentó, despreocupado, ya sin mirarme, como aceptando mi presencia injustificada:

—La verdad que esto es un embole los domingos. ¡Yo estaba mucho mejor en Buenos Aires...!

